



CONCURSO TRASLADOS: INSTRUCCIÓN TOMA POSESIÓN, PERMUTAS, COMISIÓN SERVIZOS SAÚDE E CONCILIA

Como saberás acaban de publicarse na páxina da consellaría as resolucións definitivas dos concursos de traslados, tanto do corpo de Mestres como dos distintos corpos de Secundaria (está pendente a publicación no DOG destas resolucións).

INTRUCCIÓN PARA A TOMA DE POSESIÓN:

A Consellaría de educación, para o persoal que obtivo destino, establece unhas instrucións para a toma de posesión para o novo curso. Nestas instrucións non se establece un prazo para a entrega desta documentación, pero desde a CIG-Ensino recomendámosche que o fagas unha vez publicada a resolución no DOG e como data final antes do mes de agosto. Hai que entregar 4 documentos para aquel persoal que cambia de provincia e só dous para os que continúan na mesma provincia.

Instrucións para a toma de posesión de Mestres. [Ligazón](#)

Instrucións para a toma de

posesión dos corpos de Secundaria. [Ligazón](#)

PERMUTAS na páxina da CIG-Ensino:

Se queres solicitar unha permuta, tanto provisional como definitiva, podes anotarte na nosa páxina. (tamén tes a lexislación referente tanto ás permutas definitivas como provisionais). [Ligazón](#)

COMISIÓN SERVIZO CONCILIAÇÃO E DE SAÚDE:

Para os que participastes no concurso de traslados, non podedes solicitar comisión ata que saia a publicación da resolución definitiva do concurso de traslados no DOG.

Modifícase o sistema de solicitude, desaparecendo o anexo que figura nas convocatorias do DOG. A solicitude de comisión farase directamente a través da aplicación informática de destinos provisionais (CADP).

Aos participantes que xa tiveron comisión de servizos o ano pasado ou participaron na elección de destinos provisio-

nais, apareceranlle recuperados os destinos que solicitou, por se quere manter os mesmos.

Con respecto á aplicación informática que coñecemos para pedir destinos provisionais incrementase unha nova “pestaná” a cumprimentar chamada “solicitar comisión de servizos”. Nela aparecerán as convocatorias con prazo aberto. Quen reúna os requisitos pode solicitar unha ou simultaneamente ambas modalidades de comisión de servizo (concilia, saúde).

Páxina da consellaría para participar nas comisións (introducir datos no apartado “entrar”. Recordamos que a pestaná de “concilia” non estará operativa ata que se abra o prazo. Para os participantes no concurso de traslados, 15 días naturais desde que saia no DOG a resolución definitiva. Para os que non poden participar (por ser o primeiro ano nun destino definitivo, do 16 ao 31 de maio). [Ligazón](#)